



3.3.- Sector exterior

■ O punto de partida da análise do sector exterior ten de ser a achega da demanda externa ao crecemento agregado do PIB. Tendo en conta os datos das contas económicas de Galicia, que considera as relacións comerciais tanto con terceiros países como co resto das Comunidades Autónomas españolas, a contribución do sector exterior en 2014 é negativa, feito que non acontecía dende o ano 2006. Se ao longo da crise o sector exterior atenúa a caída da demanda interna, no último ano o crecemento da actividade económica ven motivado pola achega do 0,7 puntos da demanda interna mentres que a externa detrae tres décimas ao crecemento agregado do PIB (**cadro 3.3.1.**).

En termos absolutos, as exportacións galegas, tanto ao conxunto do Estado como a terceiros países, acadaron un valor de 30.228,1 millóns de euros e as importacións ascenderon a 31.538 millóns. O saldo comercial da economía galega é negativo, acadando un déficit de 1.310 millóns de euros, máis do dobre do rexistrado no ano

anterior. No ano 2014, a taxa de cobertura acadou o 95,8%, en tanto que a taxa de apertura da economía galega (calculada tendo en conta as importación e exportacións totais de bens e servizos entre o PIB galego) foi do 59,6%.


O obxectivo deste capítulo é analizar a relación de Galicia cos terceiros países, que se caracteriza pola súa forte concentración xeográfica e sectorial. Cómpre mencionar que o saldo comercial segue a ser positivo para Galicia e a taxa de cobertura, tras o importante descenso das exportacións, descende ata o 123%.

Comercio exterior con terceiros países

O sector exterior galego caracterizouse no último ano por unha caída da actividade comercial, entendida esta como a suma das exportacións e importacións, así como por unha maior concentración xeográfica, onde a UE concentra as dúas terceiras partes da actividade comercial galega, e a elevada concentración sectorial, dado que os cinco




PIB e achegas da demanda externa e interna 2006-14 (1)



(1) PIBpm (índices de volume encadenados); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 02-03-2015)
 Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais de Galicia. Base 2008

3.3.1.

Exportacións nas CC.AA. 2012-14 (1): porcentaxe sobre o valor total das exportacións españolas



(1) datos 2014 son provisionais
 Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad, Datacomex

3.3.2.

primeiros capítulos importadores representan máis do sesenta por cento do seu importe total, sendo do cincuenta e oito por cento no caso das exportacións.

A diferenza do acontecido no ano anterior, a actividade comercial en Galicia contráese un 3,2% no último exercicio como resultado tanto da caída das importacións (-1%)

como, sobre todo, a das exportacións (-5%). O volume total das compras e vendas galegas no exterior no ano 2014 acadou os 32.318,8 millóns de euros, 1.078,8 millóns menos que no ano anterior. No último ano o grado de apertura da economía galega a terceiros países, entendido este como o cociente entre a suma do valor das exportacións e importacións e o PIB, situouse no





Importacións e exportacións 2013-14 ⁽¹⁾: distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014	2013	2014
	(en miles de euros)				(%)			
Total (2)	31.331.829	31.538.030	30.741.604	30.228.054	-590.225	-1.309.976	98,1	95,8
Resto do mundo	14.639.492	14.493.538	18.758.160	17.825.305	4.118.667	3.331.767	128,1	123,0
Áreas xeográficas								
Europa								
UE-28	7.461.958	8.616.106	12.369.530	12.887.776	4.907.572	4.271.670	165,8	149,6
UE-15	7.017.062	8.002.315	11.525.522	11.953.425	4.508.460	3.951.111	164,2	149,4
Zona Euro	6.174.647	7.286.588	10.587.401	11.074.516	4.412.754	3.787.928	171,5	152,0
Países candidatos á UE	366.985	403.189	500.130	443.300	133.145	40.111	136,3	109,9
OCDE	9.357.837	10.352.420	14.419.823	14.485.250	5.061.986	4.132.830	154,1	139,9
OPEP	1.483.671	834.298	985.433	650.412	-498.238	-183.886	66,4	78,0
Mercosur	454.273	392.238	688.903	564.903	234.631	172.664	151,6	144,0
EEUU	214.736	314.526	381.011	567.666	166.275	253.139	177,4	180,5
América Latina	1.932.707	1.705.025	1.271.651	1.068.155	-661.056	-636.871	65,8	62,6

(1) datos 2013 e 2014 son provisionais

(2) valor total de exportacións e importacións de bens e servizos a partir das *Contas Económicas Trimestrais* do IGE (PIB pm, índices de volume encadenados, base 2005 (consulta: 20-02-2015))

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais e Comercio exterior e intracomunitario*

3.3.3.

59,6%, case dous puntos menos que o acadado no ano anterior.

Atendendo á súa distribución segundo sectores de actividade, este descenso ven explicado fundamentalmente pola caída experimentada nos sectores enerxético (-943 millóns de euros), de semimanufacturas (-225 millóns) e bens de equipamento (-187 millóns), que superan os incrementos da actividade comercial no sector do automóbil (553,2 millóns), manufacturas de consumo (203 millóns) e alimentos e bens de consumo duradeiro (máis de 39 millóns cada un).

A actividade comercial galega en 2014 representa o 6,4% do total estatal, catro décimas menos que no ano precedente, situándose este peso relativo no 13,1% no caso das manufacturas de consumo, no 10,2% na automoción e no 8,8% e 7,2% no caso das materias primas e alimentos, respectivamente.

Galicia reduce no ano 2014 o saldo positivo da súa balanza comercial ata os 3.331,8 millóns de euros, un 19,1% menos que no ano anterior (932,9 millóns de euros), motivado

polo maior descenso das exportacións. Este saldo comercial representa o 6,1% do PIB no ano 2014, lonxe do 7,6% rexistrado no ano anterior.

A nivel provincial, dos datos recollidos no **cadro 3.3.4.** despréndese que Pontevedra, tras unha medra do 5,4% (748,2 millóns de euros), sitúase como a provincia con maior actividade comercial desbancando a A Coruña, que presenta unha diminución do 9,6% (1.549,3 millóns). As outras dúas provincias tamén presentan un comportamento desigual, rexistrándose unha medra da actividade comercial en Ourense (110 millóns de euros) fronte á caída experimentada no caso de Lugo, con 387,6 millóns de euros menos. No que atinxe ao saldo da balanza comercial, as catro provincias galegas manteñen o saldo positivo, se ben a provincia de Pontevedra experimentou un acusado descenso en relación ao ano anterior (-961,4 millóns de euros).

Finalmente, destacar que as provincias de Pontevedra e A Coruña están situadas no décimo e undécimo posto, respectivamente, no ranking de provincias españolas con maior valor de actividade comercial, cando



Importacións e exportacións de Galicia e España 2013-14

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2013	2014	14/13	2013	2014	14/13	2013	2014	14/13
	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		
Galicia	14.639,5	14.493,5	-1,0	18.758,2	17.825,3	-5,0	4.118,7	3.331,8	-786,9
A Coruña	7.655,8	6.884,9	-10,1	8.495,5	7.717,1	-9,2	839,7	832,2	-7,5
Lugo	1.078,4	823,4	-23,6	1.087,1	954,4	-12,2	8,8	131,0	122,2
Ourense	390,4	415,5	6,4	741,4	826,3	11,4	351,0	410,7	59,8
Pontevedra	5.514,9	6.369,7	15,5	8.434,1	8.327,5	-1,3	2.919,2	1.957,8	-961,4
España	252.346,8	264.506,7	4,8	235.814,1	240.034,9	1,8	-16.532,7	-24.471,9	-7.939,1
Galicia/España (%)	5,8	5,5		8,0	7,4		-24,9	-13,6	

Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad, *Datacomex*

3.3.4.

Importacións e exportacións 2014: distribución segundo sectores de actividade

	Importacións				Exportacións			
	Importe	14/13	peso relativo	Galicia/España	Importe	14/13	peso relativo	Galicia/España
	(en millóns de euros)		(%)		(en millóns de euros)		(%)	
Total	14.493,5	-1,0	100	5,5	17.825,3	-5,0	100	7,4
Alimentos	2.421,5	0,3	16,7	8,5	2.273,3	1,5	12,8	6,1
Enerxéticos	2.962,8	-21,9	20,4	5,3	952,8	-10,5	5,3	5,5
Materias primas	513,9	-9,3	3,5	5,4	830,7	-0,5	4,7	14,2
Semimanufacturas	1.844,7	-8,0	12,7	3,2	2.129,2	-3,0	11,9	3,6
Sector Automóvil	3.130,3	37,7	21,6	10,2	3.662,3	-7,7	20,5	10,3
Bens de consumo duradeiro	199,4	26,6	1,4	3,2	168,4	-1,5	0,9	5,0
Manufacturas de consumo	2.127,2	0,6	14,7	7,3	4.583,2	4,3	25,7	20,7
Outras mercadorías	5,8	32,8	0,0	0,8	223,1	-69,3	1,3	2,1
Bens de equipamento	1.287,9	-1,6	8,9	2,7	3.002,3	-5,2	16,8	6,2

Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad, *Datacomex*

3.3.5.

no ano anterior A Coruña estaba situada no oitavo lugar e Pontevedra, no undécimo. En termos de volume de exportacións, Pontevedra sitúase como a sexta provincia exportadora (sétima en 2013) e A Coruña retrocede dende a sexta á novena posición.

● Importacións do exterior

O valor total das importacións galegas no último ano descendeu ata os 14.493,5 millóns de euros (146 millóns menos que en 2013), o que representa o 5,5% do valor total das importacións españolas. Esta redución afecta ás provincias de A Coruña e Lugo, cos caídas do 10,1% (-770,9 millóns de euros) e o 23,6% (-254,9 millóns), respectivamente, mentres que medra máis dun 15% en Pontevedra (854,8 millóns de euros) e,

en menor medida, en Ourense, cun 6,4% (25,1 millóns de euros). A pesar desta evolución, a provincia de A Coruña mantense como a máis importante en termos de valor das compras exteriores, acollendo ao 47,5% das importacións totais galegas, seguida de Pontevedra, que abrangue o 43,9% (52,3% e 37,7% no ano anterior, respectivamente).

O sector enerxético volve a experimentar unha redución considerable no valor das súas compras exteriores, cunha caída do 21,9%, situándose como o segundo sector en relevancia en termos de importe das importacións con 2.962,8 millóns de euros no ano 2014. Neste último ano a automoción, tras unha medra de case un 38%, sitúase como a actividade que presenta un maior





Importacións 2008-14: distribución segundo principais capítulos TARIC e orixe

Nº	Cap.	Denominación	2014		14/13	14/08	Países da zona Euro	2014	
			(en miles de euros)	(% / total)	(%)	(%)		Francia	Portugal
								(en miles de euros)	
1	87	Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	3.249.410,5	22,3	47,7	25,8	3.052.260,7	2.453.771,3	200.855,9
2	27	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais	2.962.788,2	20,4	-21,8	-10,5	321.543,2	100.562,4	24.134,7
3	3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	1.387.533,7	9,5	4,4	6,2	287.745,7	81.396,4	149.507,6
4	62	Roupa e complementos de vestir, agás os de punto	788.796,2	5,4	-15,0	-7,6	183.087,4	15.023,0	143.477,3
5	72	Fundición, ferro e aceiro	635.837,7	4,4	-7,1	-48,5	523.294,9	226.977,1	180.080,8
6	61	Roupa e complementos de vestir, de punto	624.980,5	4,3	16,6	23,3	351.357,0	5.949,1	328.077,1
7	84	Reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparellos e artefactos mecánicos; partes destas máquinas ou aparellos	531.380,0	3,7	42,8	-4,4	350.373,2	27.074,7	23.500,8
8	85	Máquinas, aparellos e material eléctrico e as súas partes; aparellos para a gravación ou reprodución de son, aparellos para a gravación ou reprodución de imaxes e son e televisión e as partes e accesorios destes aparellos	372.213,0	2,6	-29,5	-40,8	153.602,5	11.029,4	38.119,7
9	16	Preparación de carne, de peixe ou de crustáceos, de moluscos ou doutros invertebrados acuáticos	361.217,6	2,5	-16,4	38,3	12.621,6	627,9	7.982,7
10	39	Materias plásticas e manufacturas destas materias	251.359,6	1,7	15,1	-0,4	189.044,1	39.233,7	61.282,9
Total dos principais capítulos			11.165.517,0	76,8	1,4	-2,9	5.424.930,3	2.961.645,0	1.157.019,5
Resto			3.374.609,3	23,2	0,1	-15,7	1.861.657,9	286.237,6	713.041,1
Total			14.540.126,30	100			7.286.588,2	3.247.882,6	1.870.060,6

Fonte: IGE, Comercio exterior e intracomunitario

■ 3.3.6.

importe, con 3.130,3 millóns de euros, que significa o 10,2% do total estatal. Este incremento no sector da automoción explícase fundamentalmente pola evolución das compras exteriores de automóviles e motos, que case triplican o seu valor en relación ao ano anterior, acadando os 1.164,4 millóns de euros.

A continuación sitúanse as importacións de alimentos, que manteñen practicamente o importe das importacións realizadas no ano anterior, representando o 16,7% do valor total das importacións galegas (2.421,5 millóns de euros) e o 8,5% das importacións españolas. O cuarto sector en importancia é o de manufacturas de consumo, que tras incrementar o seu valor ata os 2.127,2 millóns de euros (un 0,6% máis que no ano anterior) representa o 14,7% do total de importacións galegas e o 7,3% das importacións españolas deste sector de actividade.

Se se descende na análise ao nivel de capítulo importador, **cadro 3.3.6.**, os "Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas, ceras minerais" (27) e "Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (87) seguen sendo os dous primeiros capítulos importadores, acollendo no seu conxunto o 42,7% do valor das importacións galegas. En relación ao ano anterior, o primeiro presenta unha caída de case un 22% mentres que as compras exteriores do capítulo da automoción medran un 41,7%.

tibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas, ceras minerais" (27) e "Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (87) seguen sendo os dous primeiros capítulos importadores, acollendo no seu conxunto o 42,7% do valor das importacións galegas. En relación ao ano anterior, o primeiro presenta unha caída de case un 22% mentres que as compras exteriores do capítulo da automoción medran un 41,7%.

As importacións galegas concéntranse nos países da Unión Europea. Segundo os datos do **cadro 3.3.3.**, o 59,4% do valor total das compras exteriores procede da UE-28 (8.616,1 millóns de euros), sendo Francia o principal subministrador de Galicia, por mor do papel da factoría do Grupo PSA (Peugeot-Citroën) en Vigo, con 3.247,9 millóns de euros, seguida de Portugal, con 1.870,1 millóns. Estes dous países concentran en 2014 o 35,2% das importacións galegas, sete puntos por riba do rexistrado no ano ante-



rior. Fóra da UE, cabe salientar un ano máis as compras realizadas dende Galicia a México, que se mantén como terceiro país onde máis compras se realizan, e China, que ocupa o sétimo lugar (5,7% e 4% das importacións galegas, respectivamente).

Atendendo á desagregación das importacións galegas dos países da zona euro segundo capítulos arancelarios (**cadro 3.3.6.**), cómpre mencionar que as importacións de produtos do capítulo 87 ascenden a 2.453,8 millóns de euros, o que representa o 41,9% das importacións galegas da zona euro, así como que o 93,9% do valor total das importacións galegas do capítulo 87 proceden desta área xeográfica. Novamente o segundo capítulo importador é o de "Fundición, ferro e aceiro" (72), cun importe de 523,3 millóns de euros, o que significa o 7,2% do total das importacións galegas que veñen dos países da zona euro e o 82,3% do valor das importacións galegas correspondentes ao devandito capítulo.

No caso de Francia, os dous capítulos máis importantes en termos absolutos son os mesmos que os citados como máis importantes dentro da zona euro, o 87 ("Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios") e o 72 ("Fundición, ferro e aceiro"), que representan o 82,5% das compras nese país. No caso de Portugal, os capítulos máis importantes son o 61 ("Prendas e complementos de vestir de punto"), o capítulo 87 ("Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios"), e 72 ("Fundición, ferro e aceiro"), e por esa orde, que representan conxuntamente o 37,9% do total de importacións galegas con orixe en Portugal.

● Exportacións ao exterior

As exportacións galegas a terceiros países, tras o bo comportamento rexistrado en 2013, presentan no último ano unha caída

do 5%, acadando o importe total das vendas exteriores os 17.825,3 millóns de euros, o que representa o 7,4% das exportacións españolas, seis décimas superior ao peso do ano precedente.

As provincias galegas, agás Ourense, presentan unha redución do valor das súas exportacións. A provincia de A Coruña rexistrou o descenso máis acusado, con 778,4 millóns de euros menos (-9,2%), seguida de Lugo e Pontevedra, con -132,7 e -106,6 millóns de euros, respectivamente. Tras esta evolución, Pontevedra pasa a ser a provincia con maior volume de exportacións, concentrado o 46,7% das vendas galegas a terceiros países (8.327,5 millóns de euros), adiantando este ano a A Coruña, que abrangue o 43,3% (7.717,1 millóns). En conxunto, estas dúas provincias concentran o 90% do total das exportacións galegas.

Atendendo á desagregación sectorial, o grupo de manufacturas de consumo é o máis importante en termos de valor, ao acoller o 25,7% das exportacións, seguido polo sector do automóbil, co 20,5%, e o dos alimentos, co 12,8%. En relación ao ano anterior, o **cadro 3.3.5.** reflicte que o descenso máis acusado preséntao o sector do automóbil, con 304,4 millóns de euros menos, mentres que as manufacturas de consumo e os alimentos son os únicos que experimentan un incremento respecto ao valor das vendas do ano anterior, cunha medra de 191 e 33,4 millóns de euros, respectivamente.

Ao igual que nos dous últimos anos, o capítulo exportador máis importante polo seu importe é o de "Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (Taric 87), que concentra o 27,3% das exportacións galegas, seguido por dous capítulos pertencentes á actividade téxtil, o de "Prendas e complementos de vestir, agás os de punto"





Exportacións 2008-14: distribución segundo principais capítulos TARIC e destino

Nº	Cap.	Denominación	2014		14/13	14/08	Países da zona Euro	2014	
								Francia	Portugal
			(en miles de euros)	(% / total)				(%)	(%)
1	87	Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	4.861.982,4	27,3	-5,1	-16,7	3.706.977,2	3.380.302,0	186.547,2
2	62	Roupa e complementos de vestir, agás os de punto	2.332.901,1	13,1	4,7	71,0	1.371.850,8	341.322,7	214.153,2
3	61	Roupa e complementos de vestir, de punto	1.189.831,9	6,7	2,2	35,1	731.636,4	157.099,7	117.796,8
5	3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	1.005.932,3	5,6	2,4	14,0	722.089,7	62.939,5	250.222,0
4	27	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais	952.772,4	5,3	-4,9	70,3	405.862,6	11.049,3	187.556,8
6	85	Máquinas, aparellos e material eléctrico e as súas partes; aparellos para a gravación ou reprodución de son, aparellos para a gravación ou reprodución de imaxes e son e televisión e as partes e accesorios destes aparellos	655.944,7	3,7	-1,6	-6,2	230.804,9	97.048,7	25.430,7
9	84	Reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparellos e artefactos mecánicos; partes destas máquinas ou aparellos	559.736,8	3,1	27,7	70,1	234.494,1	43.104,7	64.260,1
8	16	Preparación de carne, de peixe ou de crustáceos, de moluscos ou doutros invertebrados acuáticos	493.332,0	2,8	-8,4	16,7	406.206,2	106.661,5	80.412,2
10	44	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	429.509,5	2,4	1,1	11,2	297.411,1	48.056,4	193.621,4
7	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	426.405,5	2,4	17,1	34,3	351.165,9	118.788,7	104.716,1
Total dos principais capítulos			12.908.348,6	72,4	-0,2	10,5	8.458.498,9	4.366.373,2	1.424.716,5
Resto			4.920.321,9	27,6	-10,4	21,2	2.616.016,8	525.664,8	1.030.131,6
Total			17.828.670,5	100			11.074.515,7	4.892.038,0	2.454.848,1

Fonte: IGE, Comercio exterior e intracomunitario

3.3.7.

(62), que acolle o 13,1% das vendas, e o da "Roupa e complementos de vestir, de punto" (61), que representa o 6,7%. Mentres que no último ano as exportacións de vehículos descendeu un 5,1%, os capítulo relacionados co téxtil experimentaron unha forte medra, situándose este incremento no 71% no primeiro caso (62) e do 35,1% no de roupa e complementos de vestir de punto.

No ano 2014 aumenta a concentración das exportacións ao mercado comunitario, concentrando a zona euro o 62,1% das vendas galegas (11.074,5 millóns de euros), sendo Francia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo, o principal destino das vendas de Galicia, con 4.892 millóns de euros (27,4% do total do valor das exportacións galegas a terceiros países). Séguelle Portugal, onde as vendas acadaron os 2.454,8 millóns de euros (13,8%), e Italia, con 1.289,8 millóns (7,2%).

Atendendo á desagregación por capítulos

das exportacións galegas ao conxunto dos países da zona euro, **cadro 3.3.7.**, as vendas de produtos do capítulo 87 ascenden a 3.707 millóns de euros, o que representa o 33,5% das exportacións a este espazo. En segundo lugar sitúase o capítulo 62 ("Prendas e complementos de vestir, agás os de punto"), cun importe de 1.371,9 millóns de euros, que representa o 12,4% do total das vendas aos países da zona euro.

As exportacións a Francia concéntranse no capítulo 87, que acolle o 69,1% das vendas a ese país e que representan o 69,5% das vendas totais dos produtos englobados neste capítulo, seguido do devandito capítulo 62, que acolle o 7% das exportacións a Francia. No caso portugués, os principais capítulos exportadores seguen sendo o 03 ("Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos"), o 62 ("Prendas e complementos de vestir, agás o punto") e o 44 ("Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira"), aollendo o 10,2%, o



Exportacións galegas 2008-14: rankings segundo países de destino

	2013	2014	14/13	14/08
	<i>(en miles de euros)</i>		<i>(%)</i>	<i>(%)</i>
UE-28	12.369.530	12.887.776	4,2	7,2
Zona Euro	10.587.401	11.074.516	4,6	2,2
Francia	4.531.411	4.892.038	8,0	-11,0
Portugal	2.394.525	2.454.848	2,5	-1,6
Italia	1.247.401	1.289.804	3,4	36,6
Reino Unido	904.695	847.515	-6,3	60,9
Alemaña	797.780	817.287	2,4	58,6
Países Baixos	533.618	540.156	1,2	13,4
Polonia	332.371	351.069	5,6	78,6
Bélxica	313.308	341.493	9,0	17,3
Grecia	296.676	256.214	-13,6	-6,2
Romanía	131.330	148.499	13,1	100,2
Suecia	120.211	143.747	19,6	37,5
Austria	97.760	89.161	-8,8	73,0
Irlanda	79.377	84.872	6,9	-22,2
Hungría	73.651	78.658	6,8	41,0
Lituania	31.826	59.010	85,4	104,3
Dinamarca	62.008	54.254	-12,5	-9,4
Finlandia	57.284	53.120	-7,3	17,1
Croacia	29.132	52.058	78,7	55,3
República Checa	41.853	44.056	5,3	28,4
Chipre	42.427	41.272	-2,7	22,3
Eslovenia	37.330	36.112	-3,3	8,0
Bulgaria	35.233	34.393	-2,4	27,5
Eslovaquia	29.073	31.577	8,6	146,5
Luxemburgo	25.509	27.282	7,0	59,1
Estonia	21.490	20.333	-5,4	18,0
Letonia	19.821	19.373	-2,3	32,1
Malta	18.474	17.940	-2,9	59,0
Países candidatos á UE	500.130	443.300	-11,4	97,0
Estados Unidos	381.011	567.666	49,0	-12,4
China	168.976	178.282	5,5	162,1
Marrocos	457.660	513.960	12,3	-4,0
OCDE	14.419.823	14.485.250	0,5	8,7
OPEP	985.433	650.412	-34,0	30,5
MERCOSUR	688.903	564.903	-18,0	167,3
América Latina	1.271.651	1.068.155	-16,0	79,0
Arxentina	417.762	414.686	-0,7	383,9
Brasil	191.021	86.685	-54,6	-22,9
Chile	149.922	102.737	-31,5	110,9
Cuba	28.084	15.860	-43,5	13,2
Ecuador	30.745	33.155	7,8	387,6
Guatemala	12.169	7.908	-35,0	3,5
México	221.773	222.439	0,3	38,4
Panamá	23.474	24.542	4,6	37,0
Perú	30.346	27.264	-10,2	80,3
Paraguai	5.093	5.311	4,3	286,2
El Salvador	4.416	4.111	-6,9	-17,9
Uruguai	29.914	34.001	13,7	188,8
Venezuela	50.206	24.220	-51,8	-46,0
Outros países	76.725,30	65.235,90	-15,0	0,9
Total	18.423.781	17.828.671	-3,2	13,3

Fonte: IGE, Comercio exterior e intracomunitario

3.3.8.





Empresas galegas exportadoras a terceiros países 2013-14: distribución segundo grandes sectores

	2013	2014	14/13		14/08	
				(%)		(%)
Sectores económicos	6.383	6.235	-148	-2,3	1.328	27,1
Alimentos	1.161	1.302	141	12,1	280	27,4
Pesca	470	445	-25	-5,3	-10	-2,2
Bebidas	397	416	19	4,8	145	53,5
Carne	151	271	120	79,5	105	63,3
Preparados alimenticios	148	157	9	6,1	16	11,3
Froitas e legumes	122	128	6	4,9	18	16,4
Lácteos e ovos	87	84	-3	-3,4	19	29,2
Outros	216	200	-16	-7,4	28	16,3
Produtos enerxéticos	75	68	-7	-9,3	-32	-32,0
Materias primas	742	575	-167	-22,5	233	68,1
Semimanufacturas	1.389	1.400	11	0,8	270	23,9
Produtos químicos	782	800	18	2,3	167	26,4
Ferro e aceiro	206	224	18	8,7	64	40,0
Metais non ferrosos	158	163	5	3,2	47	40,5
Bens de equipamento	2.242	2.166	-76	-3,4	418	23,9
Outros bens de equipamento	1.113	1.148	35	3,1	323	39,2
Maq. Específica certas industrias	1.123	1.091	-32	-2,8	269	32,7
Material transporte	525	426	-99	-18,9	22	5,4
Equipamento oficina e telecomunicacións	265	300	35	13,2	105	53,8
Sector do automóbil	754	628	-126	-16,7	93	17,4
Compoñentes do automóbil	456	423	-33	-7,2	-21	-4,7
Automóviles e motos	340	239	-101	-29,7	130	119,3
Bens de consumo duradeiro	425	434	9	2,1	114	35,6
Manufacturas de consumo	1.160	1.168	8	0,7	309	36,0
Téxtil e confección	586	577	-9	-1,5	184	46,8
Xoguetes	100	116	16	16,0	19	19,6
Calzado	116	109	-7	-6,0	19	21,1
Outras manufacturas	814	808	-6	-0,7	189	30,5
Outras mercadorías	1.428	1.487	59	4,1	382	34,6

Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad, Datacomex

■ 3.3.9.

8,7% e o 7,9% das vendas galegas a Portugal, respectivamente.

● Base exportadora

Un último aspecto a considerar na análise do sector exterior galego con terceiros países é a base exportadora. O número de empresas que teñen actividade co exterior de España descende no ano 2014 por primeira vez dende o ano 2009, situándose nas 6.235 empresas exportadoras, un 2,3% menos que no ano anterior (-148 empresas). Esta caída explícase en gran medida pola evolución experimentada nos sectores de materias primas e do automóbil (167 e 126 empresas menos), que contrasta coa medra do conxunto do sector de alimentación (141 empresas máis) e, en especial, das empresas de produtos cárnicos (120 empresas máis).

A cota exportadora no total estatal mantense no último ano no 4,2%, seis décimas menos que ao comezo da crise no 2008, dado que o devandito descenso é similar ao do conxunto do Estado.

Atendendo á súa desagregación segundo grandes sectores, o aumento das empresas exportadoras do sector de alimentación fai que no último ano se rompa a tendencia descendente do seu peso no conxunto do Estado, presentando unha cota no total estatal do 6,9%, seis décimas superior á do ano anterior e similar á de 2001 e 2012. Asemade, cómpre mencionar que a importancia do sector das bebidas, que continúa coa súa tendencia crecente iniciada en 2011 e se sitúa no 8,4%, a porcentaxe máis alta dos últimos anos.

Por contra, o grupo de actividades de mate-



rias primas e bens de equipo prosegue a súa tendencia descendente no último ano, presentando unha cota exportadora no total estatal do 3,7%, mentres que o sector de bens de consumo mantén o peso relativo dos dous anos anteriores, que foi do 3,7%.

Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

Os datos de investimento exterior están recollidos no Rexistro de Investimentos Exteriores, a partir dos que a Secretaría de Estado de Comercio Exterior presenta unha explotación estatística que para os investimentos estranxeiros nas Comunidades Autónomas só ofrece datos de investimento bruto. Tendo en conta esta limitación estatística, tras os incrementos rexistrados no ano anterior, en 2014 volve a descender de xeito significativo tanto o volume de investimento estranxeiro en Galicia (-77,2%) como o investimento estranxeiro bruto de Galicia no exterior (-47%). Por contra, no conxunto do Estado estes fluxos de investimento medran case un dez por cento no caso do investimento estranxeiro en España e case un catro por cento no do investimento no exterior.

O investimento bruto estranxeiro en Galicia descendeu no último ano ata os 219 millóns de euros, moi por debaixo das cifras acadadas no ano 2011, de case 525 millóns de euros. Este investimento supón tan só o 0,3% do investimento estranxeiro bruto en España, a porcentaxe máis baixa dende 2008 (0,1%), que se concentra basicamente en Madrid (acolle o 49,5% do mesmo) e Cataluña (cun 16,8%) (**cadro 3.3.10.**).

Tras este forte descenso rexistrado no ano 2014, a UE-28 é a responsable do 40,9% do investimento bruto estranxeiro en Galicia (21,2 millóns de euros), fronte ao investimento 7,1% do ano anterior (16,2 millóns). A devandita redución é consecuencia case exclusivamente do comportamento do in-

vestimento brasileiro, con case 158 millóns de euros menos, seguido da caída do investimento das empresas de México, con 24,1 millóns de euros menos. Por contra, os aumentos máis importantes corresponden ao realizado polo Reino Unido e Venezuela, que aumentan o seu investimento en 8,9 e 5,4 millóns de euros. Deste xeito, México sitúase no último ano como o primeiro gran investidor estranxeiro en Galicia, ao aportar case a cuarta parte do investimento estranxeiro total en Galicia (12,7 millóns de euros), seguido do Reino Unido co 17,7% (9,2 millóns) e Venezuela e os Países Baixos con pouco máis do 12% (6,3 millóns de euros cada un).

Xunto a este brusco descenso do investimento, no ano 2014 prodúcese cambios significativos a nivel sectorial. No último ano, os sectores máis importantes son os correspondentes ás actividades inmobiliarias e á industria química, que acolle o 44% do investimento en Galicia (1% en 2013), ascendendo o seu importe a 22,8 millóns de euros, dez veces máis que no ano anterior. Por contra, se no ano 2013 a fabricación doutros produtos minerais non metálicos e a construción de edificios acollían o 88,3% do investimento, no último ano estas actividades supoñen tan só o 5% (193 millóns de euros fronte aos 2,5 millóns do último ano).

Atendendo ao peso relativo no total estatal, salienta a importancia do investimento en actividades da "Administración pública e defensa" e "actividades de servizos sociais sen aloxamento", que acollen a práctica totalidade do investimento nestes sectores en España, así como o investimento en pesca e acuicultura que representa o 89,3% do investimento estranxeiro no subsector (**cadro 3.3.11.**).

O investimento bruto galego no exterior experimentou unha contracción no último ano do 47% respecto ao rexistrado no ano anterior, para situarse nos 379,9 millóns de





Investimento estranxeiro bruto total nas CC.AA. 2013-14

	2013		2014		14/13	
	Total	UE-28	Total	UE-28		
	(en millóns de euros)	(% / España)	(en millóns de euros)	(% / España)	(en millóns de euros)	(%)
Andalucía	323,5	2,0	96,3	267,0	1,5	181,5
Aragón	168,7	1,1	97,3	111,0	0,6	96,7
Asturias	22,5	0,1	11,6	487,2	2,8	484,3
Baleares	789,8	4,9	724,9	252,5	1,4	198,4
Canarias	36,5	0,2	11,5	118,0	0,7	16,4
Cantabria	14,3	0,1	14,0	8,8	0,0	7,2
Castela e León	172,3	1,1	108,9	159,2	0,9	134,1
Castela-A Mancha	24,5	0,2	24,5	59,7	0,3	48,4
Cataluña	3.527,3	22,0	2.194,1	2.968,4	16,8	1.842,8
C. Valenciana	167,9	1,0	120,1	808,0	4,6	544,9
Extremadura	16,0	0,1	12,2	240,3	1,4	199,5
Galicia	227,3	1,4	16,2	51,9	0,3	21,2
Madrid	8.675,2	54,1	6.605,4	8.723,2	49,5	4.520,8
Murcia	52,6	0,3	24,1	46,9	0,3	38,9
Navarra	11,1	0,1	6,5	28,6	0,2	11,6
País Vasco	1.095,9	6,8	890,4	1.407,8	8,0	846,2
A Ríoxa	62,2	0,4	61,6	3,4	0,0	0,1
Ceuta-Melilla	0,4	0,0	0,3	3,7	0,0	3,6
Sen asignar	659,4	4,1	348,8	1.880,3	10,7	203,6
Total	16.047,5	100	11.368,7	17.625,7	100	9.400,3

(consulta: 24-03-2015)

(1) operacións de non residentes que supoñan: (i) Participacións en sociedades galegas non cotizadas; (ii) participación superior ao 10% en sociedades galegas cotizadas; (iii) constitución ou ampliación de dotacións de sucursais de empresas estranxeiras e (iv) outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados en Galicia (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 3.005.060,52 euros.

Fonte:Ministerio de Economía y Competitividad, Datainve

3.3.10.

Investimento estranxeiro bruto (1) en Galicia e España 2014: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(%)
Total subsectores	51.852,3	100,00	18.920.314,3	100,00	0,3
Actividades inmobiliarias	13.679,5	26,38	3.275.576,1	17,31	0,4
Industria química	9.159,7	17,67	445.597,6	2,36	2,1
Actividades de servizos sociais sen aloxamento	6.135,7	11,83	6.139,1	0,03	99,9
Administración pública e defensa, Seguridade Social	4.405,3	8,50	4.405,3	0,02	100,0
Pesca e acuicultura	3.285,0	6,34	3.678,2	0,02	89,3
Industria da madeira e cortiza, agás mobles e cestería	3.003,0	5,79	90.279,1	0,48	3,3
Servicios de aloxamento	2.358,9	4,55	329.885,3	1,74	0,7
Construción de edificios	2.286,7	4,41	764.781,4	4,04	0,3
Actividades auxiliares aos servizos financeiros	1.886,9	3,64	884.507,9	4,67	0,2
Suministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	1.594,9	3,08	1.012.262,7	5,35	0,2
Actividades sanitarias	1.391,8	2,68	95.580,7	0,51	1,5
Industria da alimentación	593,1	1,14	749.244,0	3,96	0,1
Comercio por xunto, e interme.comercio, agás vehículos a motor	572,5	1,10	3.008.530,6	15,90	0,0
Comercio polo miúdo, agás vehículos a motor	543,5	1,05	367.988,3	1,94	0,1
Outros	955,9	1,84	7.881.858,2	41,66	0,0

(1) investimento en empresas españolas únicamente

(consulta: 24-03-2015)

Fonte:Ministerio de Economía y Competitividad, Datainve

3.3.11.



Investimento bruto das CCAA no exterior 2013-14

	2013		2014		14/13	
	Total	UE-28	Total	UE-28		
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)		(%)
Andalucía	360.989,0	2,0	15.600,9	1.319.850,1	5,6	1.269,0
Aragón	41.277,7	0,2	11.664,7	19.152,1	0,1	1.632,2
Asturias	88.223,3	0,5	2.361,1	51.141,9	0,2	-42,0
Baleares	1.220.437,8	6,6	666.565,7	258.949,5	1,1	10.126,6
Canarias	3.462,8	0,0	638,9	4.356,9	0,0	2.755,9
Cantabria	449.253,2	2,4	315.312,8	5.862.866,8	25,0	933.754,8
Castela e León	23.274,7	0,1	7.812,6	47.879,6	0,2	8.900,3
Castela-A Mancha	16.322,0	0,1	14.460,2	31,0	0,0	-
Cataluña	2.262.344,5	12,2	1.256.229,1	3.397.852,2	14,5	2.600.625,9
C. Valenciana	222.074,4	1,2	193.735,1	384.307,2	1,6	307.058,1
Extremadura	1.228,5	0,0	1.159,0	24,4	0,0	-
Galicia	717.468,4	3,9	573.995,6	379.911,6	1,6	10.540,3
Madrid	11.813.423,8	64,0	8.188.831,3	11.467.502,2	48,8	5.597.286,4
Murcia	1.127,1	0,0	12,1	7.248,1	0,0	4.000,0
Navarra	45.008,4	0,2	581,2	30.750,2	0,1	10.037,0
País Vasco	1.203.788,0	6,5	784.246,1	246.998,4	1,1	68.441,5
A Ríoxa	658,6	0,0	-	-	0,0	-
Total	18.470.362,2	100,0	12.033.206,5	23.478.821,9	100,0	9.556.427,9

(consulta: 24-04-2015)

(1) operacións de residentes que supoñan: (i) participacións en sociedades non cotizadas domiciliadas no exterior; (ii) participación superior ao 10% en sociedades cotizadas domiciliadas no exterior; (iii) constitución ou ampliación de dotacións de sucursais e (iv) outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados no exterior (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 1.502.530,26 euros. Fonte:Ministerio de Economía y Competitividad, Datainvox

3.3.12.

Investimento bruto de Galicia e España no exterior 2014: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(%)
Total	379.911,6	100,0	23.478.821,9	100,0	1,6
Actividades inmobiliarias	294.422,0	77,5	346.525,9	1,5	85,0
Pesca e acuicultura	69.901,4	18,4	69.901,4	0,3	100,0
Servizos técnicos arquitectura e enxeñaría	4.028,0	1,1	6.214,0	0,0	64,8
Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	3.356,5	0,9	318.644,6	1,4	1,1
Persoas físicas (sen sector de actividade)	2.120,3	0,6	45.080,2		
Servizos financeiros, agás seguros e fondos pensións	1.898,8	0,5	16.506.281,9	70,3	0,0
Comercio maior e interm. comercio, agás vehículos motor	1.638,0	0,4	152.515,2	0,6	1,1
Actividades de xogos de azar e apostas	1.209,6	0,3	1.209,6	0,0	100,0
Construción de edificios	1.074,5	0,3	24.281,0	0,1	4,4
Outros	262,7	0,1	6.008.168,2	25,6	-

(consulta: 24-04-2015)

Fonte:Ministerio de Economía y Competitividad, Datainvox

3.3.13.

euros, o que sitúa a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma que máis investía no estranxeiro no ano 2014. Tendo en conta o forte incremento do investimento español no estranxeiro, **cadro 3.3.12.**, o peso relativo do investimento galego no total estatal situouse no 1,6%, máis da metade da súa importancia no ano anterior.

En 2014 rexístrase un cambio importante no destino do investimento galego, aparecendo Canadá como o país máis importante ao acoller o 48% do investimento (182,6 millóns de euros), situándose Estados Unidos en segundo lugar, co 28,6% do investimento, e a continuación Guatemala, Nicaragua e Honduras, que acollen o 16,3% entre





Plan FOEXGA 2014: actuacións

	Accións	Aportacións			
		Total	Xunta	Cámaras	Empresas
		(en euros)			
Total	29	972.486,76	490.565,65	-	481.921,11
Misións comerciais directas	21	690.763,36	345.381,68	-	345.381,68
Misións comerciais inversas	1	20.505,14	10.252,57	-	10.252,57
Participación en feiras	7	252.573,72	126.286,86	-	126.286,86
Gastos en publicidade		8.644,54	8.644,54	-	-

Fonte: IGAPE

■ 3.3.14.

os tres países. A diferenza do ano anterior, onde oito de cada dez euros investíanse nos países da Unión Europea, en 2014 estes países tan só acollen o 2,8% do investimento total.

As actividades inmobiliarias volven a ser a rama de actividade máis importante en termos de capital investido ao acoller máis das tres cuartas partes do total de Galicia. Séguelle a pesca e acuicultura, que representa o 18,4%. En conxunto, estas dúas actividades supoñen o 96% do investimento exterior galego.

Comparado co investimento realizado polo conxunto do Estado, cómpre salientar a importancia das da pesca e acuicultura, que representa a totalidade do investimento realizado por España neste sector, así como as actividades inmobiliarias e os servicios técnicos de arquitectura e enxeñería, cun 85% e un 64,8%, respectivamente (**cadro 3.3.13.**).

Fomento das exportacións galegas

No exercicio 2014, o número total de actuacións do Plan de Fomento das Exportacións Galegas (Foexga), dirixidas tanto ao eido da promoción como ao da información e formación en comercio exterior, así como o investimento realizado dentro do devandito Plan, reduciuse de xeito significativo en relación ao enmarcado dentro do Plan do ano 2013. Nas 29 accións levadas a cabo no último ano

(47 menos que no anterior), **cadro 3.3.14.**, investíronse preto dun millón de euros (un 49,3% menos que no anterior), dos que a Xunta aporta o 50,4% e as empresas, o restante 49,6%.

As accións máis importantes no que atinxe ao número, investimento e empresas participantes son as correspondentes ás misións comerciais directas, que acollen máis do 70% das accións totais realizadas e do investimento total.

O principal destino das actuacións son os países europeos, que acollen 12 das 35 accións levadas a cabo, seguidos polos países de América do Norte e Central, con 9, e América do Sur, con 6. En Asia e África realizáronse un total de 5 e 3 actuacións, respectivamente.

No que atinxe á distribución sectorial, o agroalimentario foi o sector máis importante, tendo en conta que 56 das 165 empresas participantes pertencen a esta rama de actividade. Séguelle en importancia a automoción, con 14, e o naval e as empresas TIC, con 12 e 10 empresas, respectivamente. En conxunto, o 56% das empresas participantes nas accións do Plan Foexga en 2014 pertencen a estes catro sectores.

Dentro do fomento das exportacións galegas é necesario destacar o papel da Rede de Plataformas Empresariais no Exterior de Galicia (Rede Pexga) e o Servizo de Licitacións



Internacionais (SALT). Ambos son proxectos desenvolvidos ao abeiro do convenio subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) para o fomento da internacionalización do tecido empresarial galego.

Por un lado, as Plataformas Pexga ofrecen asesoramento e apoio a todas aquelas empresas que queiran introducirse, crecer ou consolidarse nos mercados onde a Rede está presente. Durante o 2014 a Rede contou con oito plataformas operativas: en Brasil (Río de Xaneiro e Recife), China (Shanghái), Colombia (Bogotá), Estados Unidos (Miami), Marrocos (Casablanca), México (México D.F.), Reino Unido (Londres) e Rusia (Moscova).

No exercicio 2014, recibíronse un total de 587 demandas de servizos de asesoramento e apoio por parte das empresas galegas, correspondendo a maior parte destas actividades ás plataformas establecidas en México (93), Reino Unido (86) e Estados Unidos

(83). O mercado africano e o asiático son os seguintes en espertar o interese das empresas galegas, contabilizando 72 solicitudes a plataforma de Marrocos e 66 a establecida en China. Por último, en torno ás 60 solicitudes recibiron as plataformas de Rusia, Brasil e Colombia, por esta orde de importancia.

En canto ao número de empresas clientas por mercado, no ano 2014 destacan novamente as plataformas de México (72), Reino Unido (65) e Estados Unidos (55), para un total de 427 no cómputo global.

Por outro lado, funciona o Servizo de Licitacións Internacionais, cuxo obxectivo é apoiar ás empresas galegas no acceso a licitacións internacionais con financiamento de organismos multilaterais e institucións financeiras internacionais, e proporcionar ferramentas, formación, asesoramento personalizado e outros recursos de apoio para axudar ás pemes a achegarse e participar neste mercado. □





